

ROTEIRO DA MEMORIA “As Catalinas”

Canteira das Catalinas, escea do crime



“Entre o 14 de agosto e o 3 de novembro de 1936, apareceron aquí os corpos de alomenos 18 homes vítimas da represión sistemática exercida polas novas autoridades xurdidas do golpe de estado do 18 de xullo de 1936”

QUE BUSCABA A REPRESIÓN?

O obxectivo era consolidar o poder recentemente obtido e perpetuarse nel, eliminando os opositores e sementando o medo no resto da poboación, evitando a contestación.

Neste caso, as vítimas foron obxecto de desaparición forzada: secuestráronas e asasináronas extraxudicialmente. Os corpos foron deixados lonxe dos concellos onde residían para espallar o terror e embrollar a súa identificación. **Hoxe en día, decenas de miles de vítimas destas prácticas seguen desaparecidas en todo o Estado español.**

POR QUE AQUÍ?

A canteira das Catalinas, á beira da estrada N550, era un punto moi visíbel e ben comunicado, a poucos quilómetros da Coruña. Dende alí principalmente, chegaron ao amparo da noite, os camións coas vítimas.



Canteira das Catalinas, 1936

Na canteira e na súa contorna guindábanse os corpos e executábase a quen aínda chegaba con vida. Hai testemuñas que lembran ter escoitado os disparos dos verdugos e mesmo os berros das vítimas agoniantes na escuridade da noite, contribuíndo a crear ese clima de auténtico terror entre a veciñanza.

CANTAS VÍTIMAS HOUBO NA CANTEIRA DAS CATALINAS?

Houbon alomenos 18 vítimas na canteira deixadas en 12 días distintos; 5 delas non puideron identificarse, permanecendo anónimas ata o día de hoxe, mais investigacións recentes apuntan a posíbeis nomes.

14 de agosto de 1936	15 de agosto de 1936
Manuel Salgado Muñoz, 28 anos (A Coruña)	Juan Díaz Lema, 28 anos (Pontevedra)
Desconhecido, sobre 28 anos	Antonio Sarmiento Díaz, 30 anos (A Coruña)
16 de agosto de 1936	Desconhecido, sobre 32 anos
Liciano Costa García, 29 anos (Cangas)	Desconhecido, sobre 32 anos
Francisco Pérez Mado, 43 anos (Cala de Guntín)	Desconhecido, sobre 32 anos
Francisco Míguez Fernández, 29 anos (A Coruña)	Antonio Pérez Rodríguez, 34 anos (A Coruña)
Antonio Díaz Maurillo, 29 anos (A Coruña)	18 de agosto de 1936
Juan Rubio Saizán, 24 anos (A Coruña)	18 de agosto de 1936
Desconhecido	18 de agosto de 1936
20 de agosto de 1936	20 de agosto de 1936
Desconhecido	Desconhecido
22 de agosto de 1936	22 de agosto de 1936
José Antonio Ramos Martínez, 42 anos (A Coruña)	José Antonio Ramos Martínez, 42 anos (A Coruña)
Desconhecido	Desconhecido

QUE VAS PERCORRER?

Cando aparecían os corpos, unha autoridade local –o celador- escollla veciños dos núcleos próximos: Canedo, Travesas, Hervés ou Beira.

Os veciños escollidos eran os que tiñan que trasladar os corpos nos seus propios carros de bois ata o cemiterio de Beira, polo mesmo camiño que ti vas percorrer; era unha parte máis desta estratexia de terror.

No percorrido atoparás puntos con códigos QR, con entrevistas a testemuñas e escritos, que ampliarán información sobre o entorno, a canteira, os crimes e a represión.



FICHA TÉCNICA DO ROTEIRO

Distancia total: 1,92 km (día 3,34 km ida e volta)

Tempo estimado: 35-45 minutos

Terreo: Terreno variado, con algunhas zonas de maior desnivel e algunhas zonas de menor desnivel.

Tempo estimado: 35-45 minutos (ida) 1h 10 min (ida e volta)

Condições de uso: O roteiro é un produto da Deputación da Coruña e do Concello de Carral. Non se permite a súa explotación económica. Non se permite a súa explotación económica.

Non existen foros durante o percorrido, aconséllase levar auga.

